

Que é a mediación?

A mediación é un proceso voluntario no que unha terceira persoa neutral, o mediador, axuda ás partes en conflito a tratar de resolver as súas diferenzas e buscar un acordo satisfactorio para ambos.



Ten como finalidade:

- Mellorar o clima de convivencia no centro.
- Ensinar estratexias para a resolución de problemas e toma de decisións.
- Fomentar a autonomía e a participación responsable.

Cal é a función dos mediadores?

- Os mediadores son alumnos ou alumnas que reciben unha formación para desenvolver o seu labor de facilitadores da comunicación.
- Non xulgan, non dan solucións, senón que buscan que ambas partes saian beneficiadas
- escoitan activamente e centran o proceso da mediación.
- Promoven a comprensión mutua para chegar a un acordo.



Quen pode ser mediador?

Calquera alumno ou alumna que desexe formarse e comprometerse na xestión construtiva dos conflitos cotiás.

En que conflitos se pode mediar?

- Situacións degradantes e inxustas.
- Disputas e pelexas.
- Rumores, alcumes, insultos...
- En xeral todas aquelas contrarias ás normas de convivencia do centro agás conflitos graves e que requiran dunha resposta xeneralizada.

Que condicións se deben cumprir?

- É voluntaria.
- É confidencial.
- Os protagonistas do conflito toman as súas decisións libre e responsablemente.

Como podo solicitar a intervención do Equipo de Mediación?

- Comunicándollo ao titor ou titora, orientadora ou a un membro do Equipo de Mediación.
- Tamén podes deixar a túa solicitude no buzón da conserxería do centro.

Que pasos segue esta intervención?

- Acórdase unha reunión entre os alumnos en conflito e o mediador.
- Os mediadores explicarán as normas do procedemento e facilitarán a comunicación para lograr acordos.
- Unha vez aceptada por ambas partes a solución, se redacta un documento que é asinado tanto polos mediadores como polos axentes en conflito.
- Se establecerá un prazo para a revisión e seguimento do cumprimento dos acordos.

SE TES UN PROBLEMA...



ACUDE AO EQUIPO DE MEDIACIÓN!

Mediación escolar



Resolución pacífica de conflictos

